

DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO (EXPTE IRC 7/2021): COBERTURA DAS OBRIGAS QUE SE DESPRENDEN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS URBANAS**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de incorporación de remanentes de crédito por importe total de **43.641,38** euros dentro do vixente orzamento desta Corporación.

Visto o informe de Intervención Ref. 2021/586 de data 23/04/2021 emitido en contestación á Providencia da Alcaldía de data 21/04/2021.

Considerando o disposto nos artigos 182 do TRLFL, 47 e 48 do Real Decreto 500/1990 así como o artigo 127 da LBRL, as Bases de execución do mencionado Orzamento, e o informe de Intervención.

Considerando que o financiamento de dita modificación vén determinado pola existencia de recursos financeiros suficientes derivados do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da liquidación do orzamento do exercicio 2020.

**Veño a resolver:**

Aprobar o presente expediente de modificación de créditos mediante a súa modalidade de incorporación de remanentes de crédito por **importe de 43.641,38 euros**, coa finalidade de dar cobertura ás obrigas que se desprenden da contratación do servizo de mantemento e conservación de vías públicas urbanas, adxudicado á mercantil PORTOSAR GALICIA, S.L. co CIF B27300862 (Acordo da Xunta de Goberno Local número 16/362 de data 5 de agosto 2020), e cuxo contrato foi asinado entre as partes con data 18/9/2020, en base á consideración de remanente de crédito incorporable, coas seguintes consideracións:

**Importe: 43.641,38 euros.**

**Aplicación Orzamentaria 15300.22799**

**Financiamento:**

- ☐ **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais**

## INTERVENCION

MVF/ccg

Refª: ispac7765415159487701691.doc

Asunto: IRC 7/2021 MANTEMENTO VÍAS PÚBLICAS URBANAS

Sendo o expediente que a aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade dá Corporación os axustes derivados de dito expediente.

Cúmprase.